

CAPÍTULO III
FACTORES DE CORRECCIÓN

Artigo 46º

Para os efectos do disposto no artigo 41 deste regulamento, procederase anualmente á determinación dos factores de corrección correspondentes aos indicadores de calidade seguintes: redución da sinistralidade, nivel de servizo, seguranza na rodadura, comodidade na rodadura e diminución total ou parcial da capacidade da vía.

O factor de corrección do canon de demanda será o resultado de sumar os factores de corrección obtidos para os indicadores citados e aplicarase no momento da liquidación anual por reaxuste, incrementando ou diminuíndo as cantidades que aboa a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes polo servizo prestado pola sociedade concesionaria.

CAPÍTULO IV
TARIFAS

Artigo 47º

A tarifa é o prezo unitario do servizo prestado pola sociedade concesionaria que será aplicado para determinar o canon de demanda.

Artigo 48º

As tarifas actualizaranse anualmente segundo o disposto na cláusula 70 do prego de cláusulas administrativas particulares da concesión.

Artigo 49º

As tarifas para aplicar no primeiro ano de explotación serán as seguintes:

Categoría	Base (€)	IVE(16%)(€)	Total tarifa
Vehículos lixeiros	0,0228	0,0036	0,0264 €/vh*km
Vehículos pesados	0,0319	0,0051	0,0370 €/vh*km

Artigo 50º

A categoría de vehículos, para a aplicación das tarifas, será a establecida na cláusula 69 do prego de cláusulas administrativas particulares segundo a seguinte diferenciación:

Vehículos lixeiros: aqueles de lonxitude inferior a 6 metros.

Vehículos pesados: o resto de vehículos.

Disposición derradeira

Se con posterioridade á data de aprobación deste regulamento fosen promulgadas polos órganos competentes disposicións que contradigan ou modifiquen algúns dos seus preceptos e, sen prexuízo da súa inmediata aplicación, a sociedade concesionaria solicitará da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes as rectificacións precisas.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 15 de abril de 2009 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei dispónse que a creación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación, modificación e supresión daqueles.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1998, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Mediante esta orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regúlanse os ficheiros de carácter persoal que se especifican nos anexos seguintes.

Artigo 2º.-*Contido.*

A información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación de ficheiros, está contida nos anexos desta orde, en cada un dos ficheiros creados.

Artigo 3º.-*Finalidade e usos dos ficheiros.*

Os datos de carácter persoal, incluídos nos ficheiros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria creados por esta orde só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-*Cesión de datos.*

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados nos anexos. No suposto de cesión de datos ás administracións

públicas haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-*Órgano responsable da seguridade dos ficheiros.*

A responsabilidade sobre os ficheiros creados por esta orde correspóndelle á Secretaría Xeral encadrada en Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No anexo detállase a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-*Medidas de seguridade.*

O nivel dos ficheiros creados por esta orde atópanse clasificados atendendo ao disposto no artigo 80 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo I aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) dos ficheiros creados baixo esta orde.

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade, e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Artigo 7º.-*Dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación de datos.*

As persoas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos, cando cumpra, mediante escrito dirixido ao enderezo seguinte: edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela.

Artigo 8º.-*Cancelación de ficheiros.*

No anexo II desta orde, relaciónanse aqueles ficheiros para os que será solicitada a súa supresión ao Rexistro da Axencia de Protección de Datos, ben por que a finalidade para a que foron solicitados non subsiste ou porque os datos serán incorporados en ficheiros de nova declaración.

Disposición adicional

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que aterse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2009.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Ficheiros de nova creación

1. Alumnos de ensinanza regrada non universitaria.

Nome e descrición do ficheiro	Alumnos de ensinanza regrada non universitaria
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Realización do proceso selectivo inicial e xestión dos datos académicos dos alumnos
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas que acadaron a condición de alumno da ensinanza regrada non universitaria
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Alto
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas Procedemento de recollida: documental a través das instancias realizadas polos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; representante legal; datos relativos de saúde Datos académicos e profesionais
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Ministerio de Educación
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevén

2. Alumnos de ensinanza regrada universitaria.

Nome e descrición do ficheiro	Alumnos de ensinanza regrada universitaria
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Realización do proceso selectivo inicial e xestión dos datos académicos dos alumnos
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas que acadaron a condición de alumno da ensinanza regrada universitaria
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Alto
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas Procedemento de recollida: documental a través das instancias realizadas polos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; representante legal; datos relativos de saúde Datos académicos e profesionais
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Ministerio de Educación
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevén

3. Persoal docente.

Nome e descrición do ficheiro	Persoal docente
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestión e control da información administrativa e laboral do persoal docente
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoal docente adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral. Subdirección Xeral Persoal Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Medio
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas Procedemento de recollida: documental procedente dos procesos de selección ou de concursos públicos, así como das administracións das que provén o funcionario

Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; núm. S.S./mutualidade; núm. rexistro persoal Datos académicos e profesionais; detalles de emprego; económicos, financeiros e de seguros; datos relativos a comisión de infraccións
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Ministerio de Educación
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

4. Opositores.

Nome e descrición do ficheiro	Opositores
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestión e control do proceso selectivo para o acceso á ensinanza da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Persoal
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas aspirantes a acceder ao corpo docente
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Alto
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas Procedemento de recollida: documental a través das instancias realizadas polos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; representante legal; Datos de saúde Datos académicos e profesionais. Circunstancias sociais
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Non se prevé
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

5. Opositores.

Nome e descrición do ficheiro	Substitutos e interinos
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestión das listas de contratación temporal de persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Persoal
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Opositores que non superasen as probas de acceso correspondentes; interesados que presenten solicitudes de alta en listas abertas
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Baixo
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas Procedemento de recollida: documental a través das instancias realizadas polos interesados
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; representante legal Datos académicos
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Non se prevé
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

6. Relatores.

Nome e descrición do ficheiro	Relatores
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Coordinación, xestión e organización das actividades de formación
Órgano responsable do ficheiro	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas que interveñen de calquera xeito (organización, impartición, etc.) nas actividades de formación organizadas pola consellería

Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas Procedemento de recollida: documental a través das instancias realizadas polos interesados ou solicitudes de participación
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; representante legal Datos académicos e profesionais e económicos
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Outras administracións públicas, fundacións e universidades
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

7. Contratación.

Nome e descrición do ficheiro	Contratación
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Convocatoria, procedemento de selección e adjudicación das contratacións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acomete mediante calquera das modalidades de concursos públicos
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas físicas ou representantes das persoas xurídicas que optan a calquera dos concursos convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal. Procedemento de recollida: documental ou telemática procedente da propia documentación achegada polos concorrentes a estas contratacións
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil Datos académicos e profesionais; detalles do emprego: información comercial; datos económicos, financeiros e de seguros
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Outras administracións públicas, fundacións e universidades
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

8. Axudas e subvencións.

Nome e descrición do ficheiro	Axudas e subvencións
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Rexistro, estudo e valoración das subvencións e axudas convocadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Ficheiro con datos de carácter persoal daquelas persoas (físicas ou representantes das persoas xurídicas) que solicitaron algunha liña de axuda ou subvención da consellería
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal. Procedemento de recollida: documental ou telemática procedente das instancias e modelos destinados a solicitar a axuda ou subvención correspondente
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; detalles do emprego; información comercial
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Outras administracións públicas, fundacións e universidades
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

9. Bolsas e premios.

Nome e descrición do ficheiro	Bolsas e premios
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Tramitación, xestión e adxudicación das bolsas e premios convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas físicas que presentan a súa candidatura á obtención de bolsas ou premios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como todas aquelas persoas físicas e representantes das persoas xurídicas que participan na elección e valoración destes (xuíces, membros do xurado, ...)
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal. Procedemento de recollida: documental ou telemática procedente das instancias e modelos destinados a solicitar a bolsa ou premio correspondente
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; Datos académicos e profesionais
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Outras administracións públicas, fundacións e universidades
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

10. Convenios.

Nome e descrición do ficheiro	Convenios
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Xestión administrativa dos convenios subscritos pola consellería
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas físicas ou representantes das persoas xurídicas que interveñan, na adopción ou firma dun convenio coa consellería
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal. Procedemento de recollida: documental ou telemática procedente da propia documentación achegada polos concorrentes a estas contratacións
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil Datos académicos e profesionais; detalles do emprego; información comercial
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Outras administracións públicas, fundacións e universidades
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

11. Concursos e actividades.

Nome e descrición do ficheiro	Concursos e actividades
Finalidade do ficheiro e usos previstos	Concursos e actividades culturais organizados pola consellería
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Persoas e colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas que interveñan na creación, difusión e participación das actividades culturais da Consellería de Educación
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Básico
Procedencia e procedemento de recollida de datos	O propio interesado ou o seu representante legal; outras persoas físicas; administracións públicas Procedemento de recollida: instancias ou solicitudes normalizadas e escritas. Documentación acreditativa da titularidade dos bens obxecto de protección
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; circunstancias sociais, datos académicos e profesionais
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Órganos xudiciais e forzas e corpos de seguridade
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevé

ANEXO II

Ficheiros modificados

1. Persoal non docente.

Denominación do ficheiro	Persoal non docente
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión administrativa e laboral do persoal non docente da consellería
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoal non docente da consellería
Motivos do cambio	Cambios na finalidade do ficheiro así como no sistema de tratamento
Sistema de tratamento	Mixto

2. Actividades de formación.

Denominación do ficheiro	Actividades de formación
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Organización e xestión dos cursos e seminarios organizados pola consellería
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas físicas que acoden aos cursos organizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Motivos do cambio	Cambios na finalidades, colectivo afectado e sistema de tratamento
Sistema de tratamento	Mixto

ANEXO III

Ficheiros suprimidos

1. Alumnos de BUP/COU e FP.

Denominación do ficheiro	Alumnos de BUP/COU e FP
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión de datos académicos de alumnos de BUP/COU e formación profesional
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Alumnos de BUP/COU e formación profesional
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro "alumnos de ensinanza regrada non universitaria", de nova creación. A información non se destrúe

2. Alumnos de ESO e bacharelato.

Denominación do ficheiro	Alumnos de ESO e bacharelato
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión de datos académicos de alumnos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Alumnos de ESO e bacharelato
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Alumnos de ensinanza regrada non universitaria, de nova creación. A información non se destrúe

3. Alumnos de educación infantil/primaria.

Denominación do ficheiro	Alumnos de educación infantil/primaria
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión de datos académicos de alumnos de educación infantil e primaria
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Alumnos de educación infantil/primaria
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Alumnos de ensinanza regrada non universitaria, de nova creación. A información non se destrúe

4. Prácticas en alternancia.

Denominación do ficheiro	Prácticas en alternancia
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Registro e control de practicas realizadas por estudantes de formación profesional e de prestacións económicas devengadas por estas
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Estudantes de formación profesional que realicen prácticas, e empresas u outras organizacións nas que se efectúen esas practicas
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Axudas e subvencións, de nova creación. A información non se destrúe

5. Axudas ensinanza non universitaria.

Denominación do ficheiro	Axudas ensinanza non universitaria
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Solicitudes de participación en actividades de formación de profesorado e resultados obtidos nestas
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Aspirantes a obtención dunha bolsa ou axuda
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Axudas e subvencións, de nova creación. A información non se destrúe

6. Perceptores.

Denominación do ficheiro	Perceptores
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión e control de pagamentos da consellería incluíndo control de retencións por motivos fiscais
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoas, empresas ou outro tipo de organizacións beneficiarias de ordes de pagamentos efectuados por esta consellería
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Contratación, de nova creación. A información non se destrúe

7. Axudas a ensinanza universitaria e promoción da investigación.

Denominación do ficheiro	Axudas a ensinanza universitaria e promoción da investigación
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Concesión e pagamento de axudas e bolsas de promoción da investigación en Galicia concesión de pagamentos de axudas e bolsas a estudantes e asociacións universitarias
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Alumnos e profesores universitarios e asociacións de estudantes
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Bolsas e Axudas, de nova creación. A información non se destrúe

8. Opositores ao corpo de mestres.

Denominación do ficheiro	Opositores ao corpo de mestres
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión e control do proceso selectivo para acceso ao corpo de mestres
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Aspirantes a acceder aos corpos docentes de ensinanza medias
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Opositores, de nova creación. A información non se destrúe

9. Opositores para ensanzas medias.

Denominación do ficheiro	Opositores para ensanzas medias
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión e control do proceso selectivo para acceso aos corpos docentes de ensanzas medias
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Aspirantes a acceder aos corpos docentes de ensanzas medias
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro "Opositores", de nova creación. A información non se destrúe

10. Persoal docente de ensinanza básica.

Denominación do ficheiro	Persoal docente de ensinanza básica
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión e control de información administrativa e laboral do persoal docente de ensanzas básicas
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoal docente dependente deste órgano administrativo
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Persoal Docente, de nova creación. A información non se destrúe

11. Persoal docente de ensanzas medias.

Denominación do ficheiro	Persoal docente de ensanzas medias
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión e control de información administrativa e laboral do persoal docente de ensanzas medias
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos	Persoal docente dependente deste órgano administrativo
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28-7-1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulando os ficheiros automatizados con datos persoais
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro Persoal Docente, de nova creación. A información non se destrúe

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 21 de abril de 2009 pola que se convoca un curso sobre medición de ruídos.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, en virtude do convenio de formación asinado entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Vigo, anúnciase a convocatoria dun curso sobre medición de ruídos, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: medición de ruídos.

Tipo: curso.

Horas lectivas: 20.

Modalidade: presencial.

Obxectivos.

Dotar o persoal da Policía local dos coñecementos esenciais no manexo dos instrumentos de medición santométrica, especialmente os destinados á comprobación dos niveis de emisión dos vehículos de motor.